

# Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

Ano 1.

Nº. 9

Marzo-Abril 2007

D.L. Ou.-67/2006

## ② Catastro de Ensenada (I)

Reino de Galicia  
Provincia de Orense  
Pueblo de S. Bartolomeu de Parafita

Estado Relativo al Formulario de la letra H que comprende los ganados del término del mismo lugar pertenecientes a los Segos con distinción de especies y el producto anual del cey y granos

Tuberos		Fenas		Bacas		Ovem		Bovinos		Acahuas		Cerdos		Total		
Buenos	Malos	Con lana	Sin lana	De 1 año	De 2 años	De 3 años	De 4 años	De 5 años	De 6 años	De Cabras	Cabras	Caxinas	Ovejas	Pequeñas	Colmenas	RS de ve.
26	24	23	23	18	1	3	45	133	10	180	37	3				10968
20	20	0	36	12	0	8	0	6	1	5	0	2				

S.a. S.I.

Estado do formulario da letra H da Única e Real Contribución relativo ao gando existente na freguesía de S Bartolomeu de Parafita. (Chandrexa de Queixa).

Orixinal; papel; escritura humanística; castelán; 1 fol.; 300 x 205 mm

AHPOu, Fondo Delegación Provincial del Ministerio de Hacienda, Catastro-4002

En outubro de 1749, o rei **Fernando VI** asinou o real decreto que impulsaba a “averiguación” coa que se pretendía implantar a “**Real y Única Contribución**”, unha ambiciosa, pero frustrada, reforma fiscal. O que resultou ser un monumental fracaso administrativo, acabou por se converter na fonte máis completa para o estudo do territorio da **Coroa de Castela** durante o Antigo Réxime.

A reforma fora impulsada por D. Zenón de Somodevilla y Bengoechea, **Marqués de la Ensenada** (1702-1781), principal político da época que acumulaba na súa persoa as secretarías (carteiras ministeriais) de Estado, Facenda, Guerra, Mariña e Indias, e que acabou dando nome ao expediente dirixido á implantación da devandita reforma: **Catastro de Ensenada**.

Os resultados do expediente catastral foron remitidos á **Real Xunta da Única Contribución** de Madrid, polo que parte da documentación consérvase hoxe no *Arquivo Histórico Nacional* de Madrid e no *Arquivo Xeral de Simancas*. Así e todo, a máis interesante e voluminosa permaneceu nas sucesivas dependencias provinciais da Facenda Real e acabou sendo herdada polas **delegacións provinciais do Ministerio de Facenda**. En Ourense, foi transferida ao Arquivo Histórico Provincial (AHPOu) en 1961, onde foi ate hoxe unha das fontes máis consultadas.

O documento deste número, co que se inicia un ciclo dedicado ao Catastro é o **Mapa ou estado H da Única e Real Contribución** correspondente á freguesía de **S. Bartolomeu de Parafita** (Chandrexa de Queixa). Nos estados H consígnase a estimación dos **rendementos** en reais producidos anualmente polo **gando** da entidade catastrada, con distinción de especies, sexo e idade dos animais. Non levan data, dilixencia nin sinaturas, pero por lóxica son a documentación máis tardía do Catastro (estímense da década de 1760) conservada no AHPOu.

Ademais dos estados H, existen outros tantos das mesmas características, nomeados coas **letras D, E, F e G**, con información diversa referida á entidade catastrada (calidades de terra, produto anual das terras, das diferentes rendas, valor dos salarios e dos beneficios da industria e do comercio...). Cada estado está constituído por unha soa folla ou prego no que se presenta en forma de **táboa** a información resultante do tratamento estatístico dos datos declarados polos contribuíntes nas **respostas particulares**, das que se falará máis adiante.

Con estes “mapas” elaboráronse outros das mesmas letras e asuntos con datos globais de toda a provincia que foron remitidos á Real Xunta da Única Contribución. Deste xeito podíase coñecer o produto neto a partir do que se fixaría o **líquido imponible** da Única Contribución.

